

ACTIVA COMBARRO: Horta e Mar

TIPO DE PROXECTO: Desenvolvemento sostible, innovador, tecnolóxico, participativo, intraemprendemento

Concello: Poio

Provincia: Pontevedra



Unha experiencia de recuperación e transferencia de coñecemento con base tecnolóxica, de posta en valor do conxunto histórico de Combarro, a partir dos seus medios tradicionais de vida: a cultura tradicional agraria e mariñeira fusionados nun mesmo espazo físico.

Activa Combarro responde a un proceso de planificación estratéxica que garante unha visión de futuro compartida, sostible e respetuosa con esta paisaxe cultural, evitando a súa degradación patrimonial e ambiental.

A acción pública é integral, transversal, complementando as medidas de rehabilitación urbana da ARI Combarro coa participación das restantes áreas de xestión municipal e doutras Administracións, sumando esforzos, multiplicando efectos.

A previsión de fórmulas de colaboración público-privadas e a participación de expertos (Universidade, profesionais de prestixio...) permitirá acadar resultados dirixidos á creación de produtos de calidade e á dinamización da economía e do emprego locais.

Deste xeito Activa Combarro será a plataforma para a posta en marcha de novas actividades innovadoras vinculadas ao binomio horta e mar, a creación de marca local e a implementación dun plan de usos para os hórreos, coherente cun plantexamento de arquitectura viva no cotián.

Os procesos de co-creación con todos os axentes implicados terán soporte tecnolóxico. As TICs serán o instrumento de transmisión do coñecemento con impacto nos ámbitos da educación, do turismo sustentable, dun modelo económico local competitivo, profesionalizado e de diversificación de rendas.

ELEMENTOS SALIENTABLES

Posta en valor do patrimonio histórico artístico dunha vila mariñeira (2º destino turístico máis visitado de Galicia na contorna da Ría de Pontevedra), hortos urbanos, investigación sobre os produtos autóctonos e o uso dos hórreos, sinerxias terra-mar enlazando a cultura agraria tradicional coa marítima pesqueira e as TICs, fomento do emprendemento, visibilidade, accesibilidade a través da web e impacto económico e turístico, mellora da imaxe do municipio



ENTIDADE PROMOTORA:



AEDL:

Maria José Suárez Aspérez

ENTIDADES COFINANCIADORAS



ENTIDADE/EMPRESA EXECUTORA

